

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Secretaría Xeral

Resolución da presidencia núm. 34223/2022, de 4 de agosto de 2022, pola que se designan o presidente e secretario do comité anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (cadecor)

Don Xosé Regueira Varela, presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

ditou a resolución núm. 34223/2022, do 4 de agosto de 2022, do teor seguinte:

O Plan de prevención de riscos e medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (en adiante PREMADECOR) foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 23 e xuño de 2022 e que foi publicado no BOP 125 do día 4 de xullo de 2022.

O PREMADECOR crea un órgano colexiado de carácter técnico para a correcta aplicación das medidas previstas en dito Plan, denominado COMITÉ ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (CADECOR).

O CADECOR está constituido polas persoas funcionarias designadas mediante Resolución 30880/2022 do 5 de xullo, celebrando sesión constitutiva o pasado 28 de xullo de 2022.

O apartado 4.1 do PREMADECOR sinala que “Aos efectos de ordenar o tratamento de asuntos e debates e demais atribucións previstas nos artigos 15 e seguintes da Lei 30/2015, na primeira sesión que teña lugar, o comité deberá propor a un dos membros para o exercicio da presidencia, cuxo nomeamento será formalizado mediante resolución da Presidencia da Deputación” correspondendo a secretaría do órgano ao membro representante da Secretaría xeral, tal e como recolle o propio PREMADECOR, polo que o CADECOR propuxo na sesión do 28 de xullo a D. Luis Jaime Rodríguez Fernández, Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación, como Presidente do mesmo, en atención á súa responsabilidade dun Servizo troncal e pola súa dilatada experiencia e capacidade.

Así mesmo, o apartado 4.1 do PREMADECOR sinala que o membro da Secretaría xeral será o que asuma as funcións de secretaría deste órgano, e tendo en conta que na Resolución 30880/2022 designáronse como representantes da Secretaría xeral tanto a Secretaria xeral como o Oficial maior, o CADECOR na sesión constitutiva propuxo que a secretaría do órgano sexa desenvolvida polo Oficial maior, D. Miguel Iglesias Martínez.

En execución do disposto no apartado 4.1 do PLAN PREMADECOR e da proposta do CADECOR, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Designar como Presidente do CADECOR a DON LUIS JAIME RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación.

SEGUNDO.- Designar como secretario do CADECOR a DON MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, Oficial maior.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas no apartado primeiro e segundo e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina de transparencia da sede electrónica.

RECURSOS: Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa notificación. Con carácter previo, poderase interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da notificación, sen que poidan simultanearse ambos os dous recursos. No caso de que se presente **recurso potestativo de reposición**, non poderá interporse o recurso contencioso-administrativo antes de que se resolva aquel ou, no caso de falla de resolución expresa, ata que teña transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A Coruña, 5 de agosto de 2022

O presidente en funcións,

Xosé Regueira Varela

(asinado dixitalmente)

O secretario xeral accidental,

Miguel Iglesias Martínez

(asinado dixitalmente)